



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Dereito Sindical II		Código	760G01014
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Vizcaíno Ramos, Iván	Correo electrónico	i.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Vizcaíno Ramos, Iván	Correo electrónico	i.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia de dereito sindical II se encontra no segundo ano do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. O contido desta materia capacita ao alumno para o coñecemento das relacións laborais colectivas, desde unha perspectiva histórica actual e comparada. Os obxectivos teóricos da materia concréntanse no estudo da materia específica da negociación colectiva e dos conflitos laborais e a súa solución. A fin de alcanzar un suficiente coñecemento lexislativo, doctrinal e jurisprudencial en materia de negociación colectiva tanto na estrutura e dinámica do sistema como no contido da propia negociación e prevención dos conflitos laborais, incluídos os sistemas de solución extraxudicial dos mesmos. A nivel práctico, os obxectivos que se pretenden conseguir, son o correcto manexo e interpretación dos textos legais, jurisprudenciais e doctrinais; a elaboración de argumentos xurídicos; a redacción de documentos e realización de tramitacións ante os Organismos correspondentes e a resolución daqueles supostos prácticos que se expoñan sobre contidos do programa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Marco normativo regulador das relacións laborais.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A20	Realizar funcións de representación e negociación en diferentes ámbitos das relacións laborais.
A27	Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A33	Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B5	Toma de decisións.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Traballo en equipos.
B12	Motivación para a calidade.
B13	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



A1 Marco normativo regulador das relacións laborais.	A1		
Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.	A13	B1	
Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.	A14	B5	
Realizar funcións de representación e negociación en diferentes ámbitos das relacións laborais.	A20	B9	
Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.	A27		
Aplicar os coñecementos á práctica.	A31		
Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.	A33		
Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.	A35		
Resolución de problemas.			
Toma de decisións.			
Traballo en equipos.			
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.		B6	
Motivación para a calidade.		B12	
Adaptación a novas situacións.		B13	
Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.	A35		C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C7
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			

Contidos	
Temas	Subtemas
A NEGOCIACIÓN COLECTIVA	1.Consideracións xerais. Os principios constitucionais en materia de negociación colectiva. 2.Os convenios colectivos estatutarios (I). Concepto, natureza e clases. Partes contratantes: capacidade, legitimación e control. Unidades de negociación. 3.Os convenios colectivos estatutarios (II). Contido dos convenios colectivos. Procedemento. Impugnación dos convenios colectivos. 4.Os convenios colectivos estatutarios (III). Control dos convenios colectivos. Eficacia xurídica e persoal. Duración. Aplicación. Adhesión e extensión . 5.Os convenios colectivos extraestatutarios.- Admisibilidade e fundamento. Modalidades. Contido. Normativa aplicable.Natureza e eficacia. Réxime xurídico.
OS ACORDOS O PACTOS DE EMPRESA	1.Os acordos de empresa substitutivos de convenios colectivos estatutarios. 2. Os acordos colectivos que pon fin a unha folga. 3. Os acordos colectivos que pon fin a un conflito colectivo. 4.Os acordos colectivos de empresa de inaplicación dun convenio colectivo estatutario. 5. Os acordos colectivos de empresa de modificación substancial de condicións contractuais de carácter colectivo. 6. Os acordos colectivos de empresa de fusión e absorción de empresas.



A NEGOCIACIÓN COLECTIVA DO PERSOAL LABORAL E DOS FUNCIONARIOS NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.	1. A negociación colectiva do persoal laboral nas administracións públicas. normativa, ámbito de aplicación, unidades de negociación, legitimación contido, procedemento e interpretación. 2. Ambito de aplicación partes contratantes, unidades de negociación, contido, procedemento negociador. impugnación xudicial, eficacia jurídica, duración, interpretación e aplicación. 3. A negociación colectiva unitaria para o persoal laboral e funcionario nas administracións publicas.
OS CONFLICTOS .	1. Consideracións xerais: concepto e clases de conflitos. 2. Os medios de presión: A Folga. O peche patronal. 3. Os procedementos para a solución &quot;pacífica&quot; dos conflitos colectivos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A14 A33 A35 B1 B12	5	10	15
Discusión dirixida	A13 A20 A27 A31 B6 C1 C4	3	6	9
Estudo de casos	A1 A13 A14 A20 A27 A31 A33 A35 B1 B5 C7	9	18	27
Presentación oral	A13 A14 A20 A27 A31 B9 B12 C1	2	6	8
Proba obxectiva	A1 A14 A27 B1 C1 C4	2	14	16
Sesión maxistral	A1 A33 A35 B6 B12 C1 C4 C7	20	40	60
Portafolios do alumno	A13 A14 A20 A27 A31 A33 A35 B1 B5 B6 B9 B12 B13 C1 C4 C7	0	10	10
Eventos científicos e/ou divulgativos	A13 A20 A33 B6 B12 C1 C4 C7	4	0	4
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico



Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Portafolios do alumno	Aos efectos de esta materia o portafolios do alumno designa o conxunto de traballos, prácticas e tarefas de calquera índole realizadas e entregadas polo alumno durante o cuatrimestre conforme a os criterios sinalados polo profesor.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Estudo e aprendizaxe do manexo das fontes do dereito. a traves da información e as directrices do profesor no manexo de de textos legais, xurisprudencia . Participación do profesor nas discusións para desenvolver o aspecto crítico do alumno. através de tutorías nas que o profesor orienta, supervisa e corrixe o traballo do alumno conxuntamente co. Formar ao alumno na resolución practica dos temas teoricos e na súa exposición. Axuda a elección de temas complementarios aos coñecementos adquiridos na clase para á súa exposición e presentación individual ou en mesa redonda. Novas metodoloxías técnicas no desenvolvida na lección maxistral. Os alumnos contan sempre con a atención que precisen, ben nas correspondentes tutorías o de forma non presencial a través de consultas realizadas vía mail o moodle. Éstas son de especial intererés para aqueles alumnos/as que teñan dificultades para a asistencia ou matrícula parcial.
Estudo de casos	
Presentación oral	
Proba obxectiva	
Análise de fontes documentais	
Discusión dirixida	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Portafolios do alumno	A13 A14 A20 A27 A31 A33 A35 B1 B5 B6 B9 B12 B13 C1 C4 C7	A efectos de avaliación o portafolios do alumno comprende todas as prácticas , traballos e tarefas realizados polo alumno durante o curso.	40
Proba obxectiva	A1 A14 A27 B1 C1 C4	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.	60

Observacións avaliación



I. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN 1. Do volume total do traballo do estudantado nesta materia, unha grande parte corresponde ao traballo individual ou en grupo que o propio estudantado se compromete a realizar sen a presenza da persoa encargada da docencia. 2. A avaliación da aprendizaxe debe comprender tanto o proceso como o resultado obtido, tendo en conta sempre que a maneira de avaliar condiciona o método de aprendizaxe e inflúe na propia aprendizaxe. 3. A proba escrita obxectiva avalía o resultado obtido, mais non permite avaliar con exactitude o proceso de aprendizaxe. Precisamente por isto, valorarase o rendemento e as aprendizaxes acadadas a través da combinación entre actividades de avaliación formativa e de avaliación final, de modo que a cualificación será o resultado da avaliación continua e da realización dunha proba final. 4. A avaliación continua implica valorar o esforzo e o proceso na aprendizaxe por medio da participación do estudantado. 5. A proba obxectiva implica valorar os resultados da aprendizaxe.

II. CRITERIOS ESPECÍFICOS DA AVALIACIÓN

1º) A puntuación total da asignatura comprende dúas partes : a proba obxectiva que representa o 60% da nota , e o conxunto de prácticas realizadas durante o curso ,que comprenderá o 40% restante. A entrega das prácticas para a súa valoración polo profesor só poderá realizarse na plataforma Moodle e dentro do prazo indicado en cada caso polo profesor. Así mesmo lémbrese aos alumnos que a asistencia ás clases é obrigatoria de modo que só podrán valorarse ás prácticas dos alumnos que asistan ás clases o, en su caso, contén coa correspondente dispensa do profesor . Para ello é preciso comunicalo con antelación e aportar o correspondente xustificante da causa que impida a asistencia ás clases. (A dispensa no eximirá da entrega das prácticas dentro do prazo asignado).

III. PROBA DE CONXUNTO 1. Contémplase a opción de presentarse a unha proba de conxunto para aqueles casos excepcionais que non permitisen a realización dos traballos relacionados no programa. 2. Esta proba estará composta dunha parte práctica e dunha teórica, todo isto sobre unha cualificación de 10. 3. A proba realizarase na data aprobada para tales efectos polo centro. Será requisito imprescindible comunicar ao profesor con antelación suficiente a opción por este sistema e xustificar as razóns alegadas.

I.V. SEGUNDA CONVOCATORIA: Na convocatoria de Xullo o 100% da nota obterase mediante a realización dunha proba obxectiva que podrá valorar tanto os coñecementos teóricos como prácticos dos alumnos.

Fontes de información

Bibliografía básica	- - SALA FRANCO, T. Y ALBIOL MONTESINOS (). Derecho sindical. Tirant lo Blanch - - MARTINEZ GIRON JESUS, ARUFE VARELA ALBERTO, CARRIL VAZQUEZ XOSE (). Derecho del trabajo, Editorial Netbiblo. Editorial Netbiblo - - OJEDA AVILÉS. A. (). Derecho Sindical.. Editorial Tecnos - TOMÁS SALA FRANCO (). Negociación Colectiva. Tirat IO Blanch - RODRIGUEZ PILERO M. Y otros (). Comentarios a la Ley de Libertad Sindical. Tecnos - GARCÍA ABELLAN (). Cursode Derecho Sindical. Universidad de Murcia - PALOMEQUE LÓPEZ M.C (). derecho Sindical Español. Tecnos - JOSÉ LUIS MONEREO PÉREZ Y OTROS (). los derechos de libertad sindical y negociación colectiva en una perspectiva comparada. Comares
Bibliografía complementaria	- tEXTOS LEGALES (). Legislación Social Basica. Tecnos, Civitas, Aranzadi otras



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

<p>Recoméndase a asistencia a clase, a realización de todas as actividades que se planifiquen na mesma e a participación nos actos académicos e non académicos organizados tanto polos profesores que imparten a materia como polo centro.</p><p>Advírtese expresamente aos alumnos de que nesta materia faise uso, como medio preferente para o desenvolvemento da materia, da plataforma Moodle polo que é responsabilidade do alumno o uso desta ferramenta e a súa periódica consulta.</p>

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías